



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATAR A EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E OUTRAS"

Expediente nº: 2023/C003/000001

Asunto: Contrato de obras de "MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E OUTRAS"

Emítase esta Memoria de acordo co disposto nos artigos 28 e 116 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) e dando cumprimento ao disposto no artigo 63.3 da LCSP.

1. ACREDITACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN.

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público "1. As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aquees que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación. 2. As entidades do sector público velarán pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, favorecerán a axilización de trámites, valorarán a incorporación de consideracións sociais, ambientais e de innovación como aspectos positivos nos procedementos de contratación pública e promoverán a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos nesta lei".

A necesidade de recorrer a esta contratación vén acreditada no proxecto da obra "MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E OUTRAS" redactado pola enxeñeira de caminos, canles e portos Ana López López cun orzamento xeral de contrato de 107.717,73€ máis 22.620,72€, correspondentes ao IVE, e un prazo de execución de TRES (3) MESES.

As obras que se van realizar en cada unha das actuacións son as que se definen no proxecto:
"Se trata de cinco viales que en la actualidad disponen de firmes de tratamentos asfálticos que comunican asentamientos poblacionales rurales y con un estado del firme que comienza a colapsar.

1. CAMIÑO EN AS BIEITEIRAS

Este camino une las carreteras AC-566 y DP-2202, tiene una longitud 404 m y un ancho medio 2,70 m. Las obras consisten en:

- Perfilado de cunetas a ambos lados de la plataforma
- Cajeadado de 20 cm a cada lado para obtener un ancho uniforme de 3 m de plataforma.
- Extendido de 1.212 m² de mezcla bituminosa caliente tipo AC 16 SURF B 50/70 S, en capa de rodadura de 5 cm de espesor previa aplicación riegos de adherencia.



2. CAMIÑO EN MUNDÍN

Los caminos que dan acceso al núcleo de Mundín desde la AC-566 y DP-2202, tiene una longitud 190 m y 493 m y un ancho medio de 3 m. Las obras consisten en:

- Perfilado de cunetas a ambos lados de la plataforma
- Extendido de 2.019 m² de mezcla bituminosa caliente tipo AC 16 SURF B 50/70 S, en capa de rodadura de 5 cm de espesor previa aplicación riegos de adherencia.

Se mejora el firme en un acceso dentro del núcleo de Mundín, para ello se demolerá el pavimento existente y se le dotará de un firme de hormigón HA-25/P/20/I de 15 cm de espesor, previo cajeadado y regularización con 10 cm de zahorra artificial. Se sustituirán y se mejorará el drenaje del acceso con la instalación de una pequeña red de pluviales consistente en la ejecución de 31 m de colector de polipropileno corrugado de DN 315 mm, una rejilla y dos sumideros. Esta red se conectará a la red de drenaje existente.

3. CAMIÑO EN SANTALLAMAR

Este camino une el paseo marítimo y el núcleo de Santallamar, tiene una longitud 415 m y un ancho medio 3,20 m. Las obras consisten en:

- Perfilado de cunetas a ambos lados de la plataforma
- Cajeadado de 20 cm a cada lado para obtener un ancho uniforme de 3,40 m de plataforma.
- Extendido de 1.411 m² de mezcla bituminosa caliente tipo AC 16 SURF B 50/70 S, en capa de rodadura de 5 cm de espesor previa aplicación riegos de adherencia.

4. CAMIÑO EN VILACACÍN

Camino que da acceso al núcleo de Vilacacín, tiene una longitud 305 m y un ancho medio 2,80 m. Las obras consisten en:

- Perfilado de cunetas a ambos lados de la plataforma
- Cajeadado de 20 cm a cada lado para obtener un ancho uniforme de 3,00 m de plataforma.
- Extendido de 960 m² de mezcla bituminosa caliente tipo AC 16 SURF B 50/70 S, en capa de rodadura de 5 cm de espesor previa aplicación riegos de adherencia.

5. RÚA C. PONTUS

Camino del casco urbano de Cedeira, paralelo al paseo marítimo, tiene una longitud 225 m y un ancho medio 3,10 m. Las obras consisten en:

- Fresado de la plataforma • Extendido de 811,5 m² de mezcla bituminosa caliente tipo AC 16 SURF B 50/70 S, en capa de rodadura de 5 cm de espesor previa aplicación riegos de adherencia.
- Se revisará la afeción de las raíces de los árboles a la plataforma para su eliminación en el caso de que pueda alterar la estructura del firme.

6. RÚA CUARTEL

Camino interior del casco urbano de Cedeira. Las obras consisten en:

- Fresado de la plataforma
- Extendido de 445 m² de mezcla bituminosa caliente tipo AC 16 SURF B 50/70 S, en capa de rodadura de 5 cm de espesor previa aplicación riegos de adherencia.
- Se ejecutará un colector de 46 m para aguas residuales en PVC compacta SN4 DN 250 mm y se conectarán las 8 acometidas domiciliarias existentes del tramo.
- Se ejecutará la señalización horizontal como la existente en la actualidad.”.

A contratación vén xustificada polas necesidades que hai que cumprir coa execución do contrato de acordo co artigo 25.2 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, "o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: (...) d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”.



Ao non dispoñer o Concello dos medios, técnicos e humanos, necesarios para a realización desta obra, considérase necesario a contratación dunha empresa externa para a súa execución, considerando que a actuación que se pretende contratar é adecuada ao fin perseguido.

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxectivo deste contrato, tal e como se sinala no proxecto é “*definir las actuaciones necesarias para la mejora del firme en distintos caminos en distintos puntos del concello de Cedeira, a saber:*

- *En la parroquia de San Xiao de Montoxo, se mejora el firme en el camino que une la AC-566 y la DP-2202 en la zona de As Bieiteiras así como los caminos y accesos al núcleo de Mundín desde estas carreteras.*
- *En la parroquia de San Fiz de Esteiro se mejora el firme del camino que va desde la playa al núcleo de Santallamar*
- *En la parroquia de Sta M^a de Cedeira se mejora el firme que accede al núcleo de Vilacacín y en las rúas C. Ponthus y Cuartel”.*

3. DIVISIÓN EN LOTES.

En canto á división en lotes o artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, dos contratos do sector público determina “*Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberase prever a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta*”.

De acordo co Informe do arquitecto técnico do Concello de Cedeira de data 01.02.2023, xustifica a non-división en lotes da seguinte forma: “*.../...Risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do seu obxecto, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificadas en que coa división en lotes perderíase a optimización do control da execución global do contrato, así como sofre detrimento a coordinación da execución das prestacións, incrementándose os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes, perdéndose as economías de escala e a eficiencia na execución do contrato.*”

4. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

De conformidade co artigo 145 da LCSP, a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación con base na mellor relación calidade-prezo.

Para estes efectos propóñense os seguintes criterios de adxudicación, cuxa valoración dependen por razóns do obxecto contractual, da aplicación de fórmulas matemáticas, para garantir unha mellor relación calidade-prezo na selección das ofertas ata un MÁXIMO DE 100 PUNTOS.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:

I. OFERTA ECONÓMICA

Oferta Económica:

Até 80 puntos



Puntuación específica para o presente contrato:

De acordo coa fórmula elaborada, a pedimento da Deputación provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no Anexo VIII e na seguinte ligazón: <https://www.dacoruna.gal/valoracion/>.

II. ESTABILIDADE NO EMPREGO

Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

Puntuación específica para o presente contrato:

Entre 0 - 15 puntos

Segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C o licitador, (cláusula 12) terase en conta a porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de ofertas, en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do persoal.

Para valorar este criterio o cadro de persoal deberá estar formado por un mínimo de 5 traballadores, directamente relacionados coa execución de obras en xeral.

Obterá a máxima puntuación a empresa que teña unha porcentaxe do 75% ou máis.

O resto valorarase proporcionalmente en relación co 75%.

As empresas que contén cunha porcentaxe menor do 40% de persoal fixo non se valorarán.

Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa

Puntuación específica para o presente contrato:

Entre 0 - 5 puntos

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha porcentaxe de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do persoal recibirá a puntuación que se indica a continuación:

- Empresas de 25 ou menos traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: máxima puntuación co 12% ou máis, o resto valoraranse proporcionalmente.
- Empresas entre 26 e 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa máxima puntuación con 10% ou máis, o resto valoraranse proporcionalmente.
- Empresas de máis de 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa, máxima puntuación 8% ou máis, o resto non se puntuarán.

5. SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA DOS LICITADORES



De acordo co artigo 77.1 a) parágrafo segundo da LCSP, para os contratos de obras cun valor estimado do cal sexa inferior a 500.000 euros a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, e que será recollido nos pregos do contrato, acreditará a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica para contratar. En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ó contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato.

En vista do anterior, os licitadores poderán acreditar indistintamente a súa solvencia mediante os requisitos específicos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional mediante a súa clasificación GRUPO G SUBGRUPO 6 CATEGORÍA 1 ou ben acreditando o cumprimento dos seguintes requisitos específicos de solvencia:

-Solvencia económica e financeira dos licitadores: A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

Considerarase acreditada a solvencia se o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

b) Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais.

Considerarase acreditada a solvencia se o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

c) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no orzamento do contrato.

Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.

Acreditación documental.

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

a) Volume de negocios e patrimonio neto: A achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito neste rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel



reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento.

Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado (art 86.1, parágrafo 3 LCSP).

-Solvencia técnica ou profesional: Regra xeral.

A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios, segundo a enumeración do artigo 88 da LCSP:

a) Relación das obras executadas no curso do cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.

Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último ostente directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra dita condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquela no capital social desta.

Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente da mesma.

d) O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato, sen prexuízo do disposto no Anexo VI.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de Contratación.

En todo caso, ó tramitarse este expediente de contratación a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, de conformidade co artigo 159.4 a) da LCSP, tódolos licitadores



que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou cando proceda, de conformidade co establecido no número 2 do artigo 96, no Rexistro Oficial da correspondente comunidade autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrência. Para estes efectos, tamén se considerará admisible a proposición do licitador que acredite ter presentada a solicitude de inscrición no correspondente rexistro xunto coa documentación preceptiva para iso, sempre que tal solicitude sexa de data anterior á data final de presentación das ofertas. A acreditación desta circunstancia terá lugar mediante a achega do acusación de recibo da solicitude emitido polo correspondente rexistro e dunha declaración responsable de ter achegado a documentación preceptiva e de non ter recibido requirimento de emenda.

6. ANÁLISIS ECONÓMICO. VALOR ESTIMADO. FINANCIACIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 100.1 da LCSP, por orzamento base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario. Seguindo o artigo 101.1 o valor estimado dos contratos será determinado como segue: a) No caso dos contratos de obras, subministracións e servizos, o órgano de contratación tomará o importe total, sen incluír o imposto sobre o valor engadido, pagadoiro segundo as súas estimacións.

Tipo de contrato: obras O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, de acordo co artigo 13 da LCSP 2017.	
Obxecto do contrato: O obxectivo deste contrato é “ <i>definir las actuaciones necesarias para la mejora del firme en distintos caminos en distintos puntos del concello de Cedeira, a saber:</i> • <i>En la parroquia de San Xiao de Montoxo, se mejora el firme en el camino que une la AC-566 y la DP-2202 en la zona de As Bieiteiras así como los caminos y accesos al núcleo de Mundín desde estas carreteras.</i> • <i>En la parroquia de San Fiz de Esteiro se mejora el firme del camino que va desde la playa al núcleo de Santallamar</i> • <i>En la parroquia de Sta M^a de Cedeira se mejora el firme que accede al núcleo de Vilacacín y en las rúas C. Ponthus y Cuartel”.</i>	
Procedemento de contratación: aberto	Tipo de tramitación: simplificado
Código CPV: 45233140-2 – Obras viais	
Valor estimado del contrato: 107.717,73€	
Presuposto base de licitación IVA excluído: 107.717,73€	



IVA%: 21%	Importe IVA: 22.620,72€
Presuposto base de licitación IVA incluído: 130.338,45€	
Prazo de execución: TRES meses	

- O orzamento base de licitación defínese como o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido que ascende a: 130.338,45€

A. FINANCIACIÓN

Existe consignación na aplicación orzamentaria 454.61900 do orzamento de 2024, que é o prorrogado do ano 2023, por importe de 130.338,45€, financiándose con cargo ao POS+ 2023 da Deputación da Coruña.

Esta obra é financiada ao 100% con ingresos alleos.

En consecuencia, a contratación desta obra non afecta ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establecidos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

7. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Co fin de garantir a maior concorrencia pública e, debido ás características da obra, o procedemento máis idóneo para a licitación e posterior contratación da obra obxecto do contrato é o procedemento aberto simplificado de acordo co artigo 159 da LCSP e en trámite común (artigos 116 e 117 da LCSP).

A opción polo procedemento aberto simplificado devén de que o valor estimado do contrato é superior a 80.000,00 euros, así como, que de entre os criterios de adxudicación previstos non hai ningún avaliable mediante xuízo de valor.

8. DURACIÓN DO CONTRATO

Establécese un prazo de execución da obra de TRES (3) MESES, contados desde a acta de comprobación de replanteo que deberá asinarse no prazo máximo de 1 mes desde a formalización do contrato segundo o artigo 237 da LCSP.

9. CLASIFICACIÓN.

De acordo co sinalado nos puntos precedentes.



O obxecto do contrato corresponderáselles aos seguintes códigos CPV:

45233140-2 – Obras viais.

10. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

De acordo co artigo 202.1 da LCSP se establecen como condicións especiais de execución as seguintes:

No presente prego establécense como condicións especiais de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto, no senso do artigo 145 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias as seguintes condicións de execución:

O operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos una das condicións de execución que se detallan a continuación:

1) Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécense como condición especial de execución que o operador económico que resulte adxudicatario deberá contratar, para adscribir á execución do contrato cunha dedicación mínima do 50%, a unha persoa dos seguintes colectivos a elección do adxudicatario:

- Unha muller traballadora demandante de emprego.
- Unha persoa desempregada de longa duración; para estes efectos entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela de 50 ou máis anos de idade, que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante os dezoito meses anteriores á súa contratación.
- Unha persoa nova, menor de 30 anos, en situación de desemprego, a condición de que se atope en situación de desemprego polo menos no tres meses anteriores a data da publicación da licitación na Plataforma de Contratación.

2) Co fin de favorecer a formación no lugar de traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albanaría, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, formigonado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).

3) Co fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.



Poderanse impor penalidades para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme o apartado 2 do artigo 76 e ao apartado 1 do artigo 202 LCSP. Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cen do prezo do contrato.

No presente contrato aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato).

Non obstante o incumprimento desta condición especial de execución considerarase incumprimento de obriga esencial, e en consecuencia o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar.

Cedeira, na data da sinatura dixital
O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil